Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado nas diversas actividades propostas a través de situación de interacción e agrupamentos variados.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Incorporouse o uso das TIC ao proceso de ensino
Clima de traballo na aula
Implementouse a coordinación entre o profesorado do grupo de alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Deseñáronse actividades DUA, variadas e adaptadas ás distintas características do alumnado

Descrición:

Ademais de avaliar a adquisición de obxectivos dos alumnos, tamén se avalía o proceso de ensino dos profesores. Utilizarase como instrumento unha táboa cos indicadores escollidos. As valoracións serán de 1 2 3 4 dependendo do grao de cumprimento do obxectivo, sendo 1 a valoración máis baixa e 4 a máis alta. Realizaranse estas comprobacións o finalizar cada unidade didáctica coa intención de modificar aqueles aspectos que poden perxudicar a labor docente e a aprendizaxe dos nenos e nenas.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Seguirase o proceso de ensino de maneira periódica utilizando a rúbrica de indicadores. Modificaranse aquelas actividades, tarefas ou aspectos metodolóxicos que non funcionen correctamente e optimizaranse aqueles cos que se logran os obxectivos propostos.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15020982	CEIP Plurilingüe O Ramo	Fene	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua Estranxeira - Inglés	2º Pri.	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	14
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	15
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	15
6. Medidas de atención á diversidade	16
7.1. Concreción dos elementos transversais	16
7.2. Actividades complementarias	17
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	17
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	18
9. Outros apartados	18

1. Introducción

1. Introducción

A ensinanza da materia apoiarase na presente Lei de Educación (LOMLOE), Ley Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Ley Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación. O proceso de ensinanza-aprendizaxe realizarase a través de actividades motivadoras con carácter lúdico que permitan, de maneira inconsciente e natural, a adquisición da lingua estranxeira lingua non só como unha materia máis, senón coma o descubrimento dun mundo externo do que todos formamos parte responsable. Promóvese a interacción na clase para desenvolver unha actitude de alerta cara as normas e os valores sociais, dentro dos principios psicopedagóxicos nos que se fundamenta o deseño curricular para a etapa de Educación Primaria. A área de Lingua Estranxeira contribuirá á adquisición das competencias marcadas pola ley e, directamente participará na consecución da competencia plurilingüe. Por outra banda, incorporaranse o conxunto de elementos transversais no proceso de aprendizaxe. A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual e as TIC, traballaranse intensamente ó longo de todo o proceso, pero tamén terán cabida na aprendizaxe da lingua estranxeira na promoción da igualdade de oportunidades, a non discriminación, a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, a prevención e resolución pacífica de conflitos en tódolos eidos, rexeitamento a calquera tipo de violencia, racismo e xenofobia, o desenvolvemento sostible e o medio ambiente, os riscos de explotación e abuso sexual, as situacións de risco no uso das TIC, a protección ante emerxencias e catástrofes, o desenvolvemento do espírito emprendedor, a actividade física e a dieta equilibrada, a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico. Teráanse en conta cambios tan significativos e evidentes como a globalización, que practicamente esixe o dominio dunha segunda lingua estranxeira, e o impacto das novas tecnoloxías, repercutindo directamente nos alumnos á hora de aprender, de comunicarse ou de executar unha tarefa. Elementos que se converteron nunha prioridade e nun instrumento clave respectivamente no proceso de aprendizaxe, non só na etapa á que fai referencia este documento, senón ó longo de toda a vida. Atenderáse particularmente á diversidade nas habilidades e expectativas de cada alumno e á busca do desenvolvemento do talento de cada un deles. Prepararase e organizarase o traballo, axudando no desenvolvemento do mesmo; coordinaranse accións; impulsando actitudes positivas cara o idioma e a cultura inglesa, captando e desenrolando o interese do alumno cara o novo e a creatividade, participando de maneira dinámica e reflexiva, e tratando os erros coma sinais de progreso. Sendo, como define a LOMCE, o proceso de aprendizaxe o centro e a razón de ser da educación, o alumnado deberá participar nel de forma activa.

Contexto particular do centro

O CEIP PLURILINGÜE "O RAMO" de Barallobre é dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e atópase no Concello de Fene.

Integra alumnado de Educación Infantil (3, 4 e 5 anos) e Educación Primaria. A procedencia do alumnado é diversa: hai alumnos que veñen dun contorno rural e outros/as dun contorno semiurbano ou urbano. A maioría dos nenos son das parroquias de Barallobre e Magalofes, aínda que tamén, atopamos alumnado de Perlío, Maniños e Limodre pola súa proximidade xeográfica.

No estudo do medio físico destas localidades hai que facer notar que existen variantes entre a zona costeira e a zona interior, presentando a primeira (Barallobre) unha maior densidade de poboación con características urbano-rurais, mentres que a segunda (Magalofes) ten menor densidade e unhas características máis rurais con poboación dispersa en rúes e lugares.

Os importantes cambios acontecidos a nivel laboral e económico da zona onde reside o centro, condicionaron as necesidades familiares e a demanda de novos servizos educativos e de ocio que permitan conciliar a vida familiar e laboral. Por este motivo, dentro das posibilidades do centro, tratamos de dar acollida a esas demandas. Neste senso orientáronse as iniciativas xurdidas de diferentes instancias da comunidade educativa, presentadas aos correspondentes organismos e institucións e que tiveron diferente tratamento segundo o grao de comprensión amosado para as mesmas. Neste senso citaremos: Aula-Parque de Educación Viaria, servizo de madrugadores, servizo de ludoteca, convenio de actividades extraescolares, comedor escolar, mellora do transporte, etc.

Características do alumnado de segundo curso.

O alumnado do segundo curso de Educación Primaria do CEIP O Ramo está formado por 17 nenos e nenas. Presenta en xeral un nivel académico medio no conxunto das distintas materias. A nivel de conduta, atopámonos cun grupo de nenos e nenas respetuosos e en canto á súa motivación, amosan interese na adquisición de novas aprendizaxes. Non se aprecian características no alumnado que poidan afectar ó correcto desenvolvemento das sesións. O horario de clases será os martes ás 10:20 e venres ás 13:00.

Estratexias a empregar na aula.

As sesións están encamiñadas ó desenvolvemento da competencia comunicativa a través da práctica das habilidades lingüísticas. Promóvese un uso real da lingua no que a escoita, a fala, a lectura e a escritura son empregadas dunha

forma integrada.

Con este obxectivo, na aula teñen lugar diversas situacións comunicativas que os alumnos deben resolver empregando o idioma inglés, interactuando co profesor e entre eles mesmos. O libro de texto co que traballamos All about Us 2 dispón de recursos que serven como guía na temporalización dos contidos e na proposta de tarefas encamiñadas a poñer en práctica outras competencias como a competencia social e cidadá, a competencia de aprender a aprender ou a competencia dixital.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender o sentido xeral e información específica e predicible de textos breves e sinxelos, expresados de forma clara e na lingua estándar, facendo uso de diversas estratexias e recorrendo, cando sexa necesario, ao uso de distintos tipos de apoio, para desenvolver o repertorio lingüístico e para responder a necesidades comunicativas cotiás.	2-3	1-2	1	1	5			2
OBX2 - Producir textos sinxelos de maneira comprensible e estruturada, mediante o emprego de estratexias como a planificación ou a compensación, para expresar mensaxes breves relacionados con necesidades inmediatas e responder a propósitos comunicativos cotiás.	1	1-2	1	2	5		1	4
OBX3 - Interactuar con outras persoas usando expresións cotiás, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a necesidades inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas normas de cortesía.	5	1-2	1		3	3	1-3	
OBX4 - Mediar en situacións predicibles, usando estratexias e coñecementos para procesar e transmitir información básica e sinxela, co fin de facilitar a comunicación.	5	1-2-3	1		1-3			1
OBX5 - Recoñecer e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento e identificando as estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas en situacións coñecidas.		2	1	2	1-4-5		3	
OBX6 - Apreciar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e valorando as diferenzas e semellanzas entre linguas e culturas, para aprender a xestionar situacións interculturais.	5	3			1-3	2-3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Party time.	Nesta unidade o alumnado reflexionará sobre actividades para disfrutar ó aire libre. Traballarase vocabulario relacionado con esta temática. Poñeranse en practica estruturas gramaticais e presentaranse distintos verbos para describir habilidades propias ou preguntar polas dos compañeiros.	15	13	X		
2	My house, my castle.	Aprenderemos a nomear os distintos espazos do fogar. Presentarase léxico e estruturas para describir lugares, poñendo especial atención en preposicións básicas. Descubriremos como son as vivendas en países de fala inglesa e compararemos outros modos de vida cos propios. Afianzaranse os coñecementos a través de xogos, cancións e actividades interactivas variadas.	15	13	X		
3	I love my school.	Ao longo desta unidade presentarase léxico e estruturas gramaticais útiles para comunicarnos dentro da escola. Describiremos as nosas aulas explicando as cousas que hai nelas. Investigaremos como son as escolas no Reino Unido e reflexionaremos sobre as posibles diferencias e similitudes con respecto á nosa.	15	11		X	
4	Having fun in the farm!	Presentarase vocabulario relacionado cos animais, especialmente dos de granxa. Traballaremos descripcións para averiguar de que animais falamos. Descubriremos a través de distintas lecturas como é a vida nunha granxa. Tamén falaremos dalgúns cultivos básicos aproveitando para poñer en valor os beneficios dunha alimentación saudable. Reforzaremos a estrutura gramatical "There are..." e expresións de cantidade sinxelos.	15	10		X	
5	Picnic in the park.	Os alumnos falarán das distintas comidas e dos seus gustos. A través de actividades grupais, como planear un picnic no patio, poñeremos en práctica o aprendido, tanto en léxico como en gramática. Focalizaremos a nosa atención na estrutura "Have got..."	20	12			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	Lovely holidays.	Aprenderemos vocabulario relacionado coas vacacións e có tempo de descanso e disfrute cós amigos. Reflexionaremos sobre os beneficios que aportan as actividades ó aire libre. Describiremos a nosa forma de vestir cando o tempo é calido e compararemos o que levamos posto no verán co que vestimos en outras estacións.	20	11			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Party time.	13

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	Recoñece e interpreta algunhas palabras e expresións habituais en textos orais, escritos e multimodais breves e sinxelos sobre temas frecuentes e cotiáns.	PE	40
CA1.4 - Escribir palabras, expresións coñecidas e frases moi breves a partir de modelos simples e cunha finalidade específica, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico moi elementais sobre asuntos cotiáns e de relevancia persoal para o alumnado	Escribe palabras, expresións coñecidas e frases a partir de modelos e cunha finalidade específica, usando léxico e estruturas elementais sobre asuntos cotiáns e de relevancia persoal para o alumnado.		
CA1.3 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresa oralmente algunhas frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado.	TI	60
CA1.7 - Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes sinxelas e breves; e formular e contestar preguntas básicas para a comunicación.	Selecciona e utiliza, de forma guiada, algunha das estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes sinxelas e breves; e formular e contestar preguntas básicas para a comunicación.		
CA2.3 - Identificar e explicar, de maneira guiada, progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.	Identifica, de xeito guiado, progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.		
CA3.1 - Mostrar interese pola comunicación intercultural, identificando e analizando, de forma guiada, as discriminacións, os prexuízos e os estereotipos máis comúns, en situacións cotiás e habituais.	Mostra interese pola comunicación intercultural, identificando, forma guiada, as discriminacións, os prexuízos e os estereotipos máis comúns, en situacións cotiás e moi habituais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna. - Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado. - Convencións e estratexias de conversación elementais, para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e preguntar e responder. - Ferramentas analóxicas e dixitais elementais para a comprensión e produción oral e multimodal. - Estratexias elementais para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. - Estratexias elementais para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, patróns sonoros) a partir da comparación das demais linguas do repertorio lingüístico propio. - Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
2	My house, my castle.	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Seleccionar e aplicar, de forma guiada, estratexias básicas para producir mensaxes breves e sinxelas adecuadas ás intencións comunicativas usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Selecciona e aplica, de xeito guiado, estratexias básicas para producir mensaxes breves e sinxelas axeitadas para as intencións comunicativas usando, con algunha axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	PE	40
CA1.2 - Utilizar de forma guiada estratexias elementais en situacións comunicativas cotiás co fin de captar a idea global e identificar elementos específicos con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto e o cotexto.	Seleccionar e aplicar de xeito guiado estratexias elementais en situacións comunicativas cotiás e de relevancia para o alumnado.	TI	60
CA1.6 - Imitar e participar, en situacións interactivas elementais sobre temas cotiás, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais	Participa timidamente, de forma guiada, en situacións interactivas elementais sobre temas cotiás, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos e mostrando empatía.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Interpretar e explicar, de forma guiada, información básica axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas e polos interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Interpreta e explica, de forma guiada, información moi básica de textos breves e sinxelos en situacións nas que atender a diversidade, mostrando certa empatía e un pouco de interese polos interlocutores e interlocutoras, apoiándose en diversos recursos e soportes.		
CA2.1 - Comparar e contrastar, de forma guiada, similitudes e diferenzas evidentes entre distintas linguas reflexionando, sobre aspectos moi elementais do seu funcionamento.	Compara e contrasta semellanzas e diferenzas moi evidentes entre distintas linguas, comezando a reflexionar, de xeito moi guiado, sobre aspectos elementais do seu funcionamento.		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer os seus elementos culturais e lingüísticos elementais.	Recoñece e aprecia a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando certo interese por coñecer os seus elementos culturais e lingüísticos elementais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado. - Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación. - Modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais e multimodais, breves e sinxelos. - Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, afirmación, exclamación, negación, interrogación. - Estratexias e técnicas elementais de compensación das carencias comunicativas e das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas linguas familiares. - Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira. - Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira. - Estratexias moi básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.

UD	Título da UD	Duración
3	I love my school.	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	Recoñece e interpreta algunhas palabras e expresións habituais en textos orais, escritos e multimodais breves e sinxelos sobre temas frecuentes e cotiáns.	PE	40
CA1.4 - Escribir palabras, expresións coñecidas e frases moi breves a partir de modelos simples e cunha finalidade específica, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico moi elementais sobre asuntos cotiáns e de relevancia persoal para o alumnado	Escribe palabras, expresións coñecidas e frases a partir de modelos e cunha finalidade específica, usando léxico e estruturas elementais sobre asuntos cotiáns e de relevancia persoal para o alumnado.		
CA1.3 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresa oralmente algunhas frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado.	TI	60
CA1.7 - Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes sinxelas e breves; e formular e contestar preguntas básicas para a comunicación.	Selecciona e utiliza, de forma guiada, algunha das estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes sinxelas e breves; e formular e contestar preguntas básicas para a comunicación.		
CA2.2 - Identificar e aplicar, de forma moi guiada, os coñecementos e estratexias básicas de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Identifica, de forma guiada, coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer os seus elementos culturais e lingüísticos elementais.	Recoñece e aprecia a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando certo interese por coñecer os seus elementos culturais e lingüísticos elementais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiáns; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna. - Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado. - Ferramentas analóxicas e dixitais elementais para a comprensión e produción oral e multimodal. - Estratexias elementais para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. - Convencións ortográficas elementais. - Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - lingüística en situacións cotiás básicas. - Estratexias elementais para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, patróns sonoros) a partir da comparación das demais linguas do repertorio lingüístico propio. - Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira.

UD	Título da UD	Duración
4	Having fun in the farm!	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	Recoñece e interpreta algunhas palabras e expresións habituais en textos orais, escritos e multimodais breves e sinxelos sobre temas frecuentes e cotiáns.	PE	40
CA1.5 - Seleccionar e aplicar, de forma guiada, estratexias básicas para producir mensaxes breves e sinxelas adecuadas ás intencións comunicativas usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Selecciona e aplica, de xeito guiado, estratexias básicas para producir mensaxes breves e sinxelas axeitadas para as intencións comunicativas usando, con algunha axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.		
CA1.2 - Utilizar de forma guiada estratexias elementais en situacións comunicativas cotiás co fin de captar a idea global e identificar elementos específicos con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto e o cotexto.	Seleccionar e aplicar de xeito guiado estratexias elementais en situacións comunicativas cotiás e de relevancia para o alumnado.	TI	60
CA1.6 - Imitar e participar, en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais	Participa timidamente, de forma guiada, en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos e mostrando empatía.		
CA2.3 - Identificar e explicar, de maneira guiada, progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.	Identifica, de xeito guiado, progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.		
CA3.1 - Mostrar interese pola comunicación intercultural, identificando e analizando, de forma guiada, as discriminacións, os prexuízos e os estereotipos máis comúns, en situacións cotiás e habituais.	Mostra interese pola comunicación intercultural, identificando, forma guiada, as discriminacións, os prexuízos e os estereotipos máis comúns, en situacións cotiás e moi habituais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado. - Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación. - Modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais e multimodais, breves e sinxelos. - Convencións ortográficas elementais. - Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, afirmación, exclamación, negación, interrogación. - Estratexias elementais para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, patróns sonoros) a partir da comparación das demais linguas do repertorio lingüístico propio. - Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira. - Estratexias moi básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.

UD	Título da UD	Duración
5	Picnic in the park.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Utilizar de forma guiada estratexias elementais en situacións comunicativas cotiás co fin de captar a idea global e identificar elementos específicos con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto e o cotexto.	Seleccionar e aplicar de xeito guiado estratexias elementais en situacións comunicativas cotiás e de relevancia para o alumnado.	TI	100
CA1.3 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresa oralmente algunhas frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado.		
CA1.6 - Imitar e participar, en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais	Participa timidamente, de forma guiada, en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos e mostrando empatía.		
CA1.8 - Interpretar e explicar, de forma guiada, información básica axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas e polos interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Interpreta e explica, de forma guiada, información moi básica de textos breves e sinxelos en situacións nas que atender a diversidade, mostrando certa empatía e un pouco de interese polos interlocutores e interlocutora, apoiándose en diversos recursos e soportes.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comparar e contrastar, de forma guiada, similitudes e diferenzas evidentes entre distintas linguas reflexionando, sobre aspectos moi elementais do seu funcionamento.	Compara e contrasta semellanzas e diferenzas moi evidentes entre distintas linguas, comezando a reflexionar, de xeito moi guiado, sobre aspectos elementais do seu funcionamento.		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer os seus elementos culturais e lingüísticos elementais.	Recoñece e aprecia a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando certo interese por coñecer os seus elementos culturais e lingüísticos elementais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna. - Convencións e estratexias de conversación elementais, para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e preguntar e responder. - Estratexias elementais para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. - Modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais e multimodais, breves e sinxelos. - Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas. - Estratexias e técnicas elementais de compensación das carencias comunicativas e das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas linguas familiares. - Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira. - Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
6	Lovely holidays.	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Escribir palabras, expresións coñecidas e frases moi breves a partir de modelos simples e cunha finalidade específica, a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico moi elementais sobre asuntos cotiás e de relevancia persoal para o alumnado	Escrebe palabras, expresións coñecidas e frases a partir de modelos e cunha finalidade específica, usando léxico e estruturas elementais sobre asuntos cotiás e de relevancia persoal para o alumnado.	PE	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Seleccionar e aplicar, de forma guiada, estratexias básicas para producir mensaxes breves e sinxelas adecuadas ás intencións comunicativas usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Selecciona e aplica, de xeito guiado, estratexias básicas para producir mensaxes breves e sinxelas axeitadas para as intencións comunicativas usando, con algunha axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.		
CA1.2 - Utilizar de forma guiada estratexias elementais en situacións comunicativas cotiás co fin de captar a idea global e identificar elementos específicos con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto e o cotexto.	Seleccionar e aplicar de xeito guiado estratexias elementais en situacións comunicativas cotiás e de relevancia para o alumnado.		
CA1.3 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresa oralmente algunhas frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado.		
CA1.6 - Imitar e participar, en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais	Participa timidamente, de forma guiada, en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos e mostrando empatía.	TI	60
CA1.8 - Interpretar e explicar, de forma guiada, información básica axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas e polos interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Interpreta e explica, de forma guiada, información moi básica de textos breves e sinxelos en situacións nas que atender a diversidade, mostrando certa empatía e un pouco de interese polos interlocutores e interlocutora, apoiándose en diversos recursos e soportes.		
CA2.2 - Identificar e aplicar, de forma moi guiada, os coñecementos e estratexias básicas de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Identifica, de forma guiada, coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.		
CA3.1 - Mostrar interese pola comunicación intercultural, identificando e analizando, de forma guiada, as discriminacións, os prexuízos e os estereotipos máis comúns, en situacións cotiás e habituais.	Mostra interese pola comunicación intercultural, identificando, forma guiada, as discriminacións, os prexuízos e os estereotipos máis comúns, en situacións cotiás e moi habituais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e

Contidos

- estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna.
- Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado.
- Convencións e estratexias de conversación elementais, para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e preguntar e responder.
- Modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais e multimodais, breves e sinxelos.
- Convencións ortográficas elementais.
- Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas.
- Estratexias elementais para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, patróns sonoros) a partir da comparación das demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Para adquirir a competencia lingüística en lingua estranxeira, deberanse atender as catro habilidades fundamentais, comprensión oral e escrita e produción oral e escrita. Neste rango de idade prestaremos unha especial atención á comprensión e produción oral.

Considerase fundamental a atención individualizada dos nenos e a súa diversidade, e a poñer en marcha mecanismos de prevención das dificultades de aprendizaxe e de reforzón. A aprendizaxe a nivel de competencias persegue o desenvolvemento do potencial de cada alumno, das súas capacidades, preparar o alumnado para que poida afrontar os retos persoais ó longo da súa vida con éxito.

A metodoloxía será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa.

O punto de partida da aprendizaxe dos alumnos son os seus primeiros coñecementos previos; centrándonos naquilo que resulta familiar e próximo ó alumnado pero cunha vertente de fantasía para lograr o equilibrio entre a seguridade/benestar co interese/imaxinación.

As situacións comunicativas que inclúen o humor e o xogo captan a motivación do alumnado e facilitan a aprendizaxe; por iso é importante ter en conta a importancia das cancións e historia

Os nenos aprenden de distintas formas e a ritmos diferentes sempre fomentando a autonomía do seu aprendizaxe. Considerar o progreso pero tamén o erro como algo natural no proceso de aprendizaxe.

A avaliación do proceso individual e grupal dos alumnos na aprendizaxe é un factor importante para asegurar a calidade da aprendizaxe.

A aprendizaxe globalizada xera o desenvolvemento da realidade como un todo nos alumnos. Este desenvolvemento reflíctese nos temas de cada unidade, que se relacionan coas demais áreas do Currículo: Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, Educación Artística, Matemáticas, Educación Física, etc. Unha aprendizaxe permanente. Non hai saberes que se adquiren exclusivamente nunha determinada materia e só serven para ela (sobre todo nesta e para esta). Con todo o que o alumno aprende nas diferentes materias (e non só na institución escolar) constrúe unha bagaxe cultural e de información que debe servirle para o conxunto da súa vida, que debe ser capaz de utilizar en momentos precisos e en situacións distintas.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libros de lectura
Xogos de mesa

Actividades DUA
Rimas e cancións
Recursos audiovisuais interactivos
Encerado dixital.
Realia e recursos que nos ofrece a contorna escolar.
Posters e murais.

Utilizarase o libro de texto da editorial Oxford University Press: All About Us Now 2. Este material inclúe un libro de clase, un libro de actividades e outro de rexistro de habilidades co que poden consolidar o aprendido e levar control do seu progreso. Complementarase o uso do libro de texto con outros materiais e recursos. Destaco entre eles o uso de todo tipo de xogos, en particular os interactivos que traballamos dende distintas fontes online. O uso de internet facilita moito o acceso á lingua estranxeira na súa versión máis auténtica, traballamos con cancións, mini documentais, textos variados, entre outros. Tamén nos resulta moi útil e atractivo todo o material realia. A aula de inglés pretende ser un lugar onde a lingua inglesa esté presente en todos os rincóns e parte do material do que disponemos é elaborado polo alumnado a través do traballo en mini proxectos. Os materiais adecúanse ao momento evolutivo do alumnado, adaptados as súas aptitudes, características e necesidades. Os nenos e as nenas teñen acceso a practicamente todos os materiais para fomentar a autonomía e a independencia do aprendizaxe.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase ó comezar o curso có obxectivo de coñecer o nivel competencial dos alumnos e alumnas. No segundo curso, focalizarase a atención na comprensión e produción oral cando se realice esta avaliación inicial. xa que o traballo realizado previamente concéntrase principalmente na exposición oral dos nenos e nenas á lingua inglesa, a través de cancións, xogos e actividades TPR. Recolleranse evidencias utilizando como instrumento unha táboa de valoración específica e farase coa observación directa. Tamén se rexistrarán e valorarán outros aspectos que poden influir na súa aprendizaxe, tales como a escoita atenta, o interese pola lingua inglesa, o traballo en grupo, a participación activa e a autonomía á hora de desenvolver tarefas simples. Esta información terase presente ao longo do curso para ir valorando o avance de cada neno e de cada nena.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	15	15	15	20	20	100
Proba escrita	40	40	40	40	0	40	32
Táboa de indicadores	60	60	60	60	100	60	68

Criterios de cualificación:

Para a cualificación teranse en conta os seguintes aspectos:

Realizarase unha avaliación continua do alumnado. Valoraremos a evolución experimentada dende o comezo de curso e atenderemos ó nivel de consecución de cada obxectivo e a adquisición das competencias no remate do curso.

Os procedementos para avaliar serán as probas obxetivas, as postas en común, presentacións, representacións tipo role play, análise das tarefas realizadas diariamente. Obteremos a cualificación basándonos na recollida dos datos obtidos a partir das táboas de indicadores e das probas escritas, prestando atención aos avances que teña experimentado cada neno e nena dende o momento da avaliación inicial.

Critérios de recuperación:

Dada a característica progresiva da materia, o alumnado irá recuperando aqueles aspectos non superados no seu momento coas novas tarefas do curso. Propóranse tarefas de reforzo e apoio se fose necesario.

6. Medidas de atención á diversidade

- Para os alumnos con integración tardía no sistema educativo: adoptaranse as medidas de reforzo necesarias para facilitar a súa integración escolar e a recuperación do seu desfase para que lles permitan continuar con aproveitamento nos seus estudos.
- Para o alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe: adoptaranse tanto medidas de escolarización como de atención. Para os alumnos con discapacidade, tomaranse medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas. Para os alumnos con dificultades de aprendizaxe graves, priorizaranse os contidos de procedementos e actitudes. Por outra banda, a adaptación curricular (medida extraordinaria) refírese ás modificacións dun ou máis elementos prescritivos do currículo, como son os obxectivos, contidos e criterios de avaliación, para atender ás necesidades educativas dun alumno, motivadas tanto por unha determinada dificultade persoal como polas súas capacidades excepcionais. No presente curso realizarase unha adaptación curricular significativa.
- Aplicaranse as medidas máis axeitadas para que as condicións de realización dos procesos asociados da avaliación se adapten ás circunstancias do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, dacordo coa Orden de 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Cando o progreso dunha alumna ou alumno non sexan os axeitados estableceráanse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquer momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, con especial seguemento da situación do alumnado con necesidades educativas especiais, e estarán dirixidas a garantir a adquisición dos aprendizaxes imprescindibles para continuar ó proceso educativo.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Igualdade entre homes e mulleres		X		X		X
ET.2 - Os dereitos da infancia	X		X		X	
ET.3 - A resolución pacífica de conflitos	X			X		X

Observacións:

Promoveráse o desenvolvemente dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, e dos valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquer condición ou circunstancia persoal ou social.

Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, a paz, a democracia e o respecto polos dereitos humanos.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas didácticas	Aproveitaranse nas aulas de LE as saídas para actividades de aprendizaxe.	X	X	X
Conmemoracións da escola	Samaín, Magosto, Nadal, Entroido, Maios, 8 M, dereitos da infancia.	X	X	X
Conmemoracións específicas relacionadas coa LE	Halloween, Christmas, Saint Patrick Day, Thanksgiving Day.	X	X	

Observacións:

Todo o alumnado do noso centro participa nas actividades a nivel de centro que se propoñen en datas sinaladas. Destacamos a Festa de Benvida, Samaín, Os Maios, Nadal, Entroido, día de Muller. Estas actividades son globalizadas, integradoras e motivadoras e fomentan a igualdade entre ambos sexos, a igualdade de oportunidades, a convivencia, a tolerancia e o respeto.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Grao de desenvolvemento da programación.
Adecuación dos elementos do currículo ás necesidades reais da aula.
Revisión da PD ó longo do curso e comprobación da súa utilidade para acadar os obxetivos
Metodoloxía empregada
Instrucións e orientacións ó traballo do alumnado.
Medidas de atención á diversidade
Nivel de dificultade axeitado ás características do alumnado.
Atención á diversidade con medidas organizativas axeitadas.
Clima de traballo na aula
Boa organización de tempos e agrupamentos.

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
--

Coordinación cos outros mestres e mestras do curso.

Descrición:

Utilizaranse estes indicadores de cara a recoller datos suficientes para avaliar o proceso de ensino e practica. Os resultados usaranse para decidir que aspectos hai que conservar e que cambios hai que realizar para optimizar o proceso.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Seguirase o proceso de ensino de maneira periódica utilizando a rúbrica de indicadores. Modificaranse aquelas actividades, tarefas ou aspectos metodolóxicos que non funcionen correctamente e optimizaranse aqueles cos que se logran os obxectivos propostos. Realizaranse intercambios orais (entrevistas cos alumnos/as, pais, nais) sempre que se considere necesario. Adecuaranse os obxectivos e os contidos ás necesidades reais, así tamén os medios e a mtodoloxía. Planificaranse as tarefas tendo en conta a correcta distribución de tempos e espazos. O clima de traballo debe favorecer a aprobación de acordos e a implicación de todos os membros.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15020982	CEIP Plurilingüe O Ramo	Fene	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua Estranxeira - Inglés	3º Pri.	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	17
4.2. Materiais e recursos didácticos	17
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	18
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	18
6. Medidas de atención á diversidade	18
7.1. Concreción dos elementos transversais	19
7.2. Actividades complementarias	19
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	20
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	21
9. Outros apartados	21

1. Introducción

A ensinanza da materia apoiarase na presente Lei de Educación (LOMLOE), Ley Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Ley Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación. O proceso de ensinanza-aprendizaxe realizarase a través de actividades motivadoras con carácter lúdico que permitan, de maneira inconsciente e natural, a adquisición da lingua estranxeira lingua non só como unha materia máis, senón coma o descubrimento dun mundo externo do que todos formamos parte responsable. Promóvese a interacción na clase para desenvolver unha actitude de alerta cara as normas e os valores sociais, dentro dos principios psicopedagóxicos nos que se fundamenta o deseño curricular para a etapa de Educación Primaria. A área de Lingua Estranxeira contribuirá á adquisición das competencias marcadas pola ley e, directamente participará na consecución da competencia plurilingüe. Por outra banda, incorporaranse o conxunto de elementos transversais no proceso de aprendizaxe. A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual e as TIC, traballaranse intensamente ó longo de todo o proceso, pero tamén terán cabida na aprendizaxe da lingua estranxeira na promoción da igualdade de oportunidades, a non discriminación, a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, a prevención e resolución pacífica de conflitos en tódolos eidos, rexeitamento a calquera tipo de violencia, racismo e xenofobia, o desenvolvemento sostible e o medio ambiente, os riscos de explotación e abuso sexual, as situacións de risco no uso das TIC, a protección ante emerxencias e catástrofes, o desenvolvemento do espírito emprendedor, a actividade física e a dieta equilibrada, a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico. Teráanse en conta cambios tan significativos e evidentes como a globalización, que practicamente esixe o dominio dunha segunda lingua estranxeira, e o impacto das novas tecnoloxías, repercutindo directamente nos alumnos á hora de aprender, de comunicarse ou de executar unha tarefa. Elementos que se converteron nunha prioridade e nun instrumento clave respectivamente no proceso de aprendizaxe, non só na etapa á que fai referencia este documento, senón ó longo de toda a vida. Atenderáse particularmente á diversidade nas habilidades e expectativas de cada alumno e á busca do desenvolvemento do talento de cada un deles. Prepararase e organizarase o traballo, axudando no desenvolvemento do mesmo; coordinaranse accións; impulsando actitudes positivas cara o idioma e a cultura inglesa, captando e desenrolando o interese do alumno cara o novo e a creatividade, participando de maneira dinámica e reflexiva, e tratando os erros coma sinais de progreso. Sendo, como define a LOMCE, o proceso de aprendizaxe o centro e a razón de ser da educación, o alumnado deberá participar nel de forma activa.

Contexto particular do centro

O CEIP PLURILINGÜE "O RAMO" de Barallobre é dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e atópase no Concello de Fene.

Integra alumnado de Educación Infantil (3, 4 e 5 anos) e Educación Primaria. A procedencia do alumnado é diversa: hai alumnos que veñen dun contorno rural e outros/as dun contorno semiurbano ou urbano. A maioría dos nenos son das parroquias de Barallobre e Magalofes, aínda que tamén, atopamos alumnado de Perlío, Maniños e Limodre pola súa proximidade xeográfica.

No estudo do medio físico destas localidades hai que facer notar que existen variantes entre a zona costeira e a zona interior, presentando a primeira (Barallobre) unha maior densidade de poboación con características urbano-rurais, mentres que a segunda (Magalofes) ten menor densidade e unhas características máis rurais con poboación dispersa en rúas e lugares.

Os importantes cambios acontecidos a nivel laboral e económico da zona onde reside o centro, condicionaron as necesidades familiares e a demanda de novos servizos educativos e de ocio que permitan conciliar a vida familiar e laboral. Por este motivo, dentro das posibilidades do centro, tratamos de dar acollida a esas demandas. Neste senso orientáronse as iniciativas xurdidas de diferentes instancias da comunidade educativa, presentadas aos correspondentes organismos e institucións e que tiveron diferente tratamento segundo o grao de comprensión amosado para as mesmas. Neste senso citaremos: Aula-Parque de Educación Viaria, servizo de madrugadores, servizo de ludoteca, convenio de actividades extraescolares, comedor escolar, mellora do transporte, etc.

Características do alumnado de terceiro curso

O alumnado do terceiro curso de Educación Primaria do CEIP ¿O Ramo¿ está formado por 21 nenos e nenas. Presenta en xeral un nivel académico medio no conxunto das distintas materias. A nivel de conduta, atopámonos cun grupo de nenos e nenas respetuosos e en canto á súa motivación, amosan interese na adquisición de novas aprendizaxes. As distintas características do alumnado non afectan ó correcto desenvolvemento das sesións. O horario de clases será os martes ás 11:10, mércores ás 11:10 e venres ás 11:10.

Estratexias a empregar na aula.

As sesións están encamiñadas ó desenvolvemento da competencia comunicativa a través da práctica das habilidades lingüísticas. Promóvese un uso real da lingua no que a escoita, a fala, a lectura e a escritura son empregadas dunha forma integrada.

Con este obxectivo, na aula teñen lugar diversas situacións comunicativas que os alumnos deben resolver empregando o idioma inglés, interactuando co profesor e entre eles mesmos. O libro de texto co que traballamos All about Us 3 dispón de recursos que serven como guía na temporalización dos contidos e na proposta de tarefas encamiñadas a poñer en práctica outras competencias como a competencia social e cidadá, a competencia de aprender a aprender ou a competencia dixital.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender o sentido xeral e información específica e predicible de textos breves e sinxelos, expresados de forma clara e na lingua estándar, facendo uso de diversas estratexias e recorrendo, cando sexa necesario, ao uso de distintos tipos de apoio, para desenvolver o repertorio lingüístico e para responder a necesidades comunicativas cotiás.	2-3	1-2	1	1	5			2
OBX2 - Producir textos sinxelos de maneira comprensible e estruturada, mediante o emprego de estratexias como a planificación ou a compensación, para expresar mensaxes breves relacionados con necesidades inmediatas e responder a propósitos comunicativos cotiás.	1	1-2	1	2	5		1	4
OBX3 - Interactuar con outras persoas usando expresións cotiás, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a necesidades inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas normas de cortesía.	5	1-2	1		3	3	1-3	
OBX4 - Mediar en situacións predicibles, usando estratexias e coñecementos para procesar e transmitir información básica e sinxela, co fin de facilitar a comunicación.	5	1-2-3	1		1-3			1
OBX5 - Recoñecer e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento e identificando as estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas en situacións coñecidas.		2	1	2	1-4-5		3	
OBX6 - Apreciar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e valorando as diferenzas e semellanzas entre linguas e culturas, para aprender a xestionar situacións interculturais.	5	3			1-3	2-3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	I like animals	Vocabulario relacionado cos animais doméstico e salvaxes, especialmente cos que están en perigo de extinción. a natureza da zona na que se sitúa a escola (o espazo máis familiar ao noso alumnado) ; o tempo atmosférico, as estacións do ano. A gramática focalizarase en estruturas do presente simple. Ler e comprender textos relacionados con historias de animais en perigo. Disfrute de lectura de comic. Escribir párrafos sobre o tema. Preguntar e responder cuestión sobre características dos animais. Valores a tratar, respecto ás diferencias entre individuos.	20	15	X		
2	My school day and Christmas time.	Vocabulario sobre o espacio físico do colexio, en particular a nosa aula, obxectos dos que nos rodeamos, asignaturas e horarios. Medios de transporte para ir ó colexio. Cancións e xogos interactivos para traballar estes contidos. Uso de realia. Instrucións e normas da clase. Creación dun pequeno proxecto sobre o noso día escolar. Vocabulario básico de nadal , usos e costumes entre o noso alumnado, agasallos . Elaboración dunha Christmas card. Cancións de Nadal: panxoliñas e carols. Vídeo. Produto final: cantamos unha panxoliña tradicional en inglés	30	18	X		
3	I like cooking	Vocabulario sobre comida, preferencias, estruturas gramaticais ¿Do you like¿?, Have you got...?, Would you like¿?... ¿Elaborar unha carta dun restaurante, pequenos role plays interpretando a camareiros e clientes. Vídeos de mercados en países anglosaxons. Healthy food.	15	20		X	
4	I love weekends.	Vocabulario relacionado coas actividades de tempo libre e os deportes. Verbos relacionados a estas actividades. Estructuras gramaticais ¿ What do you do at the weekend/ on Monday¿?, Can you¿?. Días da semana, meses, estacións. Creación dun poema relacionado coas aficións. Vídeo sobre unha fin de semana en UK, xogos interactivos, role play, miming.	10	17		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Costumes for my school play.	Vocabulario sobre roupa. Descricións físicas. Estructuras gramaticais ¿Have you got..?, I'm wearing¿¿ Escotar descripcións sobre distintas personaxes, xogos para descubrir quen e quen, lectura e comprensión dunha historia. Crear unha pequena obra e dramatizala na clase.	15	20			X
6	Moving around in summer time.	Vocabulario relacionado cos lugares de interese e os edificios principais no pobo/cidade; tendas; transporte. A vivenda: casas e pisos; partes do edificio e espazos da vivenda. Expresións de utilidade e uso frecuente para moverse pola cidade. Descrición simple de lugares e edificios. Estructuras gramaticais (¿There is/are¿, where is ..?) , prepositions. Pequenas dramatizacións e role-plays de situacións comúns que poden ocorrer nestes lugares. Visita virtual a unha cidade do ámbito anglosaxón, espazos icónicos destas cidades. Actividades do verán	10	15			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	I like animals	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén palabras e frases previamente presentadas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, sobre temas frecuentes, cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, adecuados ao nivel de desenvolvemento e expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén algunhas palabras previamente presentadas en textos orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, relacionados coa escola.	PE	70
CA1.7 - Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en situacións cotiáns, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes breves; e formular e contestar preguntas sinxelas.	Utilizar de forma guiada e en situación cotiáns, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes breves e formular e contestar preguntas sinxelas.		

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Expresar oralmente frases curtas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, seguindo modelos e utilizando recursos verbais e non verbais de forma guiada, prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresar oralmente frases curtas con información básica relacionada co tema desta UD, seguindo modelos e utilizando recursos verbais e non verbais de forma guiada, con atención ao ritmo.	TI	30
CA1.6 - Participar en situacións interactivas e sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, preparadas previamente, apoiándose en recursos tales coma a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística.	Participar con interese en situación interactivas e sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns preparadas previamente e facelo o mellor posible.		
CA2.1 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando, de forma guiada, sobre aspectos básicos do seu funcionamento.	Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas de forma guiada e contando con axuda.		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, mostrando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos elementais e habituais que fomenten a convivencia pacífica e o respecto polos demais.	Poñer interese e apreciar a diversidade lingüística cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora. - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir de xeito pautado persoas, obxectos e lugares; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiáns; expresar rutinas de xeito guiado; dar indicacións e instrucións elementais; expresar o tempo, a cantidade e o espazo. - Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número; espazo e as relacións espaciais; afirmación, exclamación, negación, interrogación. - Léxico elemental relativo a relacións persoais próximas, vivenda, lugares e contornas de interese. - Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos). - Estratexias e técnicas de compensación das carencias comunicativas para responder a unha necesidade elemental, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio. - Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira. - Estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.

UD	Título da UD	Duración
2	My school day and Christmas time.	18

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias axeitadas en situacións comunicativas cotiás e de relevancia para o alumnado, para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos breves e sinxelos sobre temas familiares.	Seleccionar e aplicar estratexias en situacións comunicativas cotiás para captar o sentido global en textos moi breves e sinxelos, de forma guiada e con axuda.	PE	80
CA1.4 - Escribir palabras e frases moi breves e sinxelas, con adecuación á situación comunicativa proposta, a partir de modelos e a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico elementais, sobre asuntos cotiás e de relevancia persoal para o alumnado.	Escribir palabras e frases moi breves e sinxelas, con adecuación á situación comunicativa proposta, usando estruturas e léxico elementais, sobre as actividades de tempo libre.		
CA1.5 - Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias para producir mensaxes breves, útiles e sinxelas, adecuadas ás intencións comunicativas, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Levar a cabo a selección e aplicación de estratexias para producir mensaxes moi breves con axuda.		
CA2.1 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando, de forma guiada, sobre aspectos básicos do seu funcionamento.	Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas de forma guiada e contando con axuda.	TI	20
CA2.3 - Rexistrar e aplicar, de xeito guiado, os progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira, participando en actividades de autoavaliación e coavaliación, como as propostas no portfolio europeo das linguas (PEL).	Rexistrar e aplicar os progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe, participando en actividades de autoavaliación e coavaliación con axuda.		
CA3.1 - Actuar con respecto en situacións interculturais, identificando e comparando semellanzas e diferenzas elementais entre linguas e culturas, e amosando rexeitamento fronte a discriminacións, prexuízos e estereotipos de calquera tipo en contextos comunicativos cotiás e habituais.	Actuar con respecto en situación interculturais, amosando rexeitamento fronte as discriminacións, prexuízos e estereotipos de calquera tipo en contextos comunicativos cotiás e habituais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Técnicas de aprendizaxe. - Estratexias básicas de uso común para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir de xeito pautado persoas, obxectos e lugares; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; expresar rutinas de xeito guiado; dar indicacións e instrucións elementais; expresar o tempo, a cantidade e o espazo. - Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos de uso común na comprensión, produción e coprodución de

Contidos

- textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios de tipoloxía variada, tales como folletos, instrucións, normas, avisos ou conversacións reguladoras da convivencia (agradecer, desculparse, pedir permiso).
- Léxico elemental relativo a relacións persoais próximas, vivenda, lugares e contornas de interese.
- Patróns sonoros, acentuais e de entoación básicos de uso común, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.
- Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos).
- Convencións e estratexias de conversación básicas de uso común presenciais e simultáneas, ou a través doutros medios para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e pedir e dar indicacións.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias elementais de procura guiada de información en medios analóxicos e dixitais.
- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa.
- Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas.
- Estratexias básicas de uso común para identificar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas.
- Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira: culturas e modos de vida diferentes.
- Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira.

UD	Título da UD	Duración
3	I like cooking	20

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias axeitadas en situacións comunicativas cotiás e de relevancia para o alumnado, para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos breves e sinxelos sobre temas familiares.	Seleccionar e aplicar estratexias en situacións comunicativas cotiás para captar o sentido global en textos moi breves e sinxelos, de forma guiada e con axuda.	PE	70
CA1.4 - Escribir palabras e frases moi breves e sinxelas, con adecuación á situación comunicativa proposta, a partir de modelos e a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico elementais, sobre asuntos cotiás e de relevancia persoal para o alumnado.	Escribir palabras e frases moi breves e sinxelas, con adecuación á situación comunicativa proposta, usando estruturas e léxico elementais, sobre as actividades de tempo libre.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Participar en situacións interactivas e sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, preparadas previamente, apoiándose en recursos tales coma a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística.	Participar con interese en situación interactivas e sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns preparados previamente e facelo o mellor posible.		
CA2.2 - Utilizar e diferenciar os coñecementos e estratexias de mellora da súa propia capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, de forma guiada e con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Iniciarse na utilización e diferenciación dos coñecementos e estratexias de mellora da súa propia capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, de forma guiada e con axuda.	TI	30
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, mostrando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos elementais e habituais que fomenten a convivencia pacífica e o respecto polos demais.	Poñer interese e apreciar a diversidade lingüística cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora. - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir de xeito pautado persoas, obxectos e lugares; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; expresar rutinas de xeito guiado; dar indicacións e instrucións elementais; expresar o tempo, a cantidade e o espazo. - Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número; espazo e as relacións espaciais; afirmación, exclamación, negación, interrogación. - Léxico elemental relativo a relacións persoais próximas, vivenda, lugares e contornas de interese. - Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos). - Estratexias e técnicas de compensación das carencias comunicativas para responder a unha necesidade elemental, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio. - Patróns culturais elementais transmitidos a través dos usos da lingua estranxeira. - Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
4	I love weekends.	17

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén palabras e frases previamente presentadas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, sobre temas frecuentes, cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, adecuados ao nivel de desenvolvemento e expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén algunhas palabras previamente presentadas en textos orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, relacionados coa escola.	PE	70
CA1.5 - Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias para producir mensaxes breves, útiles e sinxelas, adecuadas ás intencións comunicativas, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Levar a cabo a selección e aplicación de estratexias para producir mensaxes moi breves con axuda.		
CA1.3 - Expresar oralmente frases curtas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, seguindo modelos e utilizando recursos verbais e non verbais de forma guiada, prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresar oralmente frases curtas con información básica relacionada co tema desta UD, seguindo modelos e utilizando recursos verbais e non verbais de forma guiada, con atención ao ritmo.	TI	30
CA1.6 - Participar en situacións interactivas e sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, preparadas previamente, apoiándose en recursos tales coma a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística.	Participar con interese en situación interactivas e sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns preparadas previamente e facelo o mellor posible.		
CA1.7 - Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en situacións cotiáns, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes breves; e formular e contestar preguntas sinxelas.	Utilizar de forma guiada e en situación cotiáns, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes breves e formular e contestar preguntas sinxelas.		
CA1.8 - Interpretar e explicar información básica de forma guiada, axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas interlocutoras e interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Poñer interese e esforzó en interpretar e explicar información básica aínda que non o consiga completamente.		
CA2.3 - Rexistrar e aplicar, de xeito guiado, os progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira, participando en actividades de autoavaliación e coavaliación, como as propostas no portfolio europeo das linguas (PEL).	Rexistrar e aplicar os progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe, participando en actividades de autoavaliación e coavaliación con axuda.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, mostrando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos elementais e habituais que fomenten a convivencia pacífica e o respecto polos demais.	Poñer interese e apreciar a diversidade lingüística cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Técnicas de aprendizaxe. - Estratexias básicas de uso común para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir de xeito pautado persoas, obxectos e lugares; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; expresar rutinas de xeito guiado; dar indicacións e instrucións elementais; expresar o tempo, a cantidade e o espazo. - Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios de tipoloxía variada, tales como folletos, instrucións, normas, avisos ou conversacións reguladoras da convivencia (agradecer, desculparse, pedir permiso). - Léxico elemental relativo a relacións persoais próximas, vivenda, lugares e contornas de interese. - Patróns sonoros, acentuais e de entoación básicos de uso común, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns. - Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos). - Convencións e estratexias de conversación básicas de uso común presenciais e simultáneas, ou a través doutros medios para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e pedir e dar indicacións. - Recursos para a aprendizaxe e estratexias elementais de procura guiada de información en medios analóxicos e dixitais. - Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa. - Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas. - Estratexias básicas de uso común para identificar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal. - Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas. - Participación en intercambios comunicativos planificados, con estudantes da lingua estranxeira, a través de diferentes medios. - Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira. - Estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.

UD	Título da UD	Duración
5	Costumes for my school play.	20

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén palabras e frases previamente presentadas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, sobre temas frecuentes, cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, adecuados ao nivel de desenvolvemento e expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén algunhas palabras previamente presentadas en textos orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, relacionados coa escola.	PE	75
CA1.4 - Escribir palabras e frases moi breves e sinxelas, con adecuación á situación comunicativa proposta, a partir de modelos e a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico elementais, sobre asuntos cotiáns e de relevancia persoal para o alumnado.	Escribir palabras e frases moi breves e sinxelas, con adecuación á situación comunicativa proposta, usando estruturas e léxico elementais, sobre as actividades de tempo libre.		
CA1.8 - Interpretar e explicar información básica de forma guiada, axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas interlocutoras e interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Poñer interese e esforzó en interpretar e explicar información básica aínda que non o consiga completamente.		
CA1.3 - Expresar oralmente frases curtas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, seguindo modelos e utilizando recursos verbais e non verbais de forma guiada, prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresar oralmente frases curtas con información básica relacionada co tema desta UD, seguindo modelos e utilizando recursos verbais e non verbais de forma guiada, con atención ao ritmo.	TI	25
CA1.6 - Participar en situacións interactivas e sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, preparadas previamente, apoiándose en recursos tales coma a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística.	Participar con interese en situación interactivas e sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns preparados previamente e facelo o mellor posible.		
CA2.2 - Utilizar e diferenciar os coñecementos e estratexias de mellora da súa propia capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, de forma guiada e con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Iniciarse na utilización e diferenciación dos coñecementos e estratexias de mellora da súa propia capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, de forma guiada e con axuda.		
CA3.1 - Actuar con respecto en situacións interculturais, identificando e comparando semellanzas e diferenzas elementais entre linguas e culturas, e amosando rexeitamento fronte a discriminacións, prexuízos e estereotipos de calquera tipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais.	Actuar con respecto en situación interculturais, amosando rexeitamento fronte as discriminacións, prexuízos e estereotipos de calquera tipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora. - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir de xeito pautado persoas, obxectos e lugares; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; expresar rutinas de xeito guiado; dar indicacións e instrucións elementais; expresar o tempo, a cantidade e o espazo. - Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número; espazo e as relacións espaciais; afirmación, exclamación, negación, interrogación. - Léxico elemental relativo a relacións persoais próximas, vivenda, lugares e contornas de interese. - Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos). - Convencións e estratexias de conversación básicas de uso común presenciais e simultáneas, ou a través doutros medios para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e pedir e dar indicacións. - Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa. - Estratexias e técnicas de compensación das carencias comunicativas para responder a unha necesidade elemental, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio. - Patróns culturais elementais transmitidos a través dos usos da lingua estranxeira. - Estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos. - Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
6	Moving around in summer time.	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén palabras e frases previamente presentadas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, sobre temas frecuentes, cotiás, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, adecuados ao nivel de desenvolvemento e expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén algunhas palabras previamente presentadas en textos orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, relacionados coa escola.	PE	55

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias axeitadas en situacións comunicativas cotiás e de relevancia para o alumnado, para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos breves e sinxelos sobre temas familiares.	Seleccionar e aplicar estratexias en situacións comunicativas cotiás para captar o sentido global en textos moi breves e sinxelos, de forma guiada e con axuda.		
CA1.4 - Escribir palabras e frases moi breves e sinxelas, con adecuación á situación comunicativa proposta, a partir de modelos e a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico elementais, sobre asuntos cotiás e de relevancia persoal para o alumnado.	Escribir palabras e frases moi breves e sinxelas, con adecuación á situación comunicativa proposta, usando estruturas e léxico elementais, sobre as actividades de tempo libre.		
CA1.5 - Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias para producir mensaxes breves, útiles e sinxelas, adecuadas ás intencións comunicativas, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Levar a cabo a selección e aplicación de estratexias para producir mensaxes moi breves con axuda.		
CA1.7 - Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en situacións cotiás, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes breves; e formular e contestar preguntas sinxelas.	Utilizar de forma guiada e en situación cotiás, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes breves e formular e contestar preguntas sinxelas.		
CA1.3 - Expresar oralmente frases curtas con información básica sobre asuntos cotiás e de relevancia para o alumnado, seguindo modelos e utilizando recursos verbais e non verbais de forma guiada, prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresar oralmente frases curtas con información básica relacionada co tema desta UD, seguindo modelos e utilizando recursos verbais e non verbais de forma guiada, con atención ao ritmo.	TI	45
CA1.6 - Participar en situacións interactivas e sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiás, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, preparadas previamente, apoiándose en recursos tales coma a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística.	Participar con interese en situación interactivas e sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiás preparadas previamente e facelo o mellor posible.		
CA1.8 - Interpretar e explicar información básica de forma guiada, axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas interlocutoras e interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Poñer interese e esforzó en interpretar e explicar información básica aínda que non o consiga completamente.		
CA2.1 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando, de forma guiada, sobre aspectos básicos do seu funcionamento.	Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas de forma guiada e contando con axuda.		
CA2.2 - Utilizar e diferenciar os coñecementos e estratexias de mellora da súa propia capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, de forma guiada e con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Iniciarse na utilización e diferenciación dos coñecementos e estratexias de mellora da súa propia capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, de forma guiada e con axuda.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Rexistrar e aplicar, de xeito guiado, os progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira, participando en actividades de autoavaliación e coavaliación, como as propostas no portfolio europeo das linguas (PEL).	Rexistrar e aplicar os progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe, participando en actividades de autoavaliación e coavaliación con axuda.		
CA3.1 - Actuar con respecto en situacións interculturais, identificando e comparando semellanzas e diferenzas elementais entre linguas e culturas, e amosando rexeitamento fronte a discriminacións, prexuízos e estereotipos de calquera tipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais.	Actuar con respecto en situación interculturais, amosando rexeitamento fronte as discriminacións, prexuízos e estereotipos de calquera tipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais.		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, mostrando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos elementais e habituais que fomenten a convivencia pacífica e o respecto polos demais.	Poñer interese e apreciar a diversidade lingüística cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Técnicas de aprendizaxe. - Estratexias básicas de uso común para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir de xeito pautado persoas, obxectos e lugares; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiáns; expresar rutinas de xeito guiado; dar indicacións e instrucións elementais; expresar o tempo, a cantidade e o espazo. - Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios de tipoloxía variada, tales como folletos, instrucións, normas, avisos ou conversacións reguladoras da convivencia (agradecer, desculparse, pedir permiso). - Léxico elemental relativo a relacións persoais próximas, vivenda, lugares e contornas de interese. - Patróns sonoros, acentuais e de entoación básicos de uso común, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns. - Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos). - Recursos para a aprendizaxe e estratexias elementais de procura guiada de información en medios analóxicos e dixitais. - Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiáns básicas. - Estratexias básicas de uso común para identificar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal. - Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas. - Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira: culturas e modos de vida diferentes.

Contidos

- Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Esta etapa educativa precisa de poñer unha atención especial a atención individualizada dos nenos e a súa diversidade, e a poñer en marcha mecanismos de prevención das dificultades de aprendizaxe e de reforzo. A aprendizaxe a nivel de competencias persegue o desenvolvemento do potencial de cada alumno, das súas capacidades, preparar o alumnado para que poida afrontar os retos persoais ó longo da súa vida con éxito.

A metodoloxía será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa.

O punto de partida da aprendizaxe dos alumnos son os seus primeiros coñecementos previos; centrándonos naquilo que resulta familiar e próximo ó alumnado pero cunha vertente de fantasía para lograr o equilibrio entre a seguridade/benestar co interese/imaxinación

As situacións comunicativas que inclúen o humor e o xogo captan a motivación do alumnado e facilitan a aprendizaxe; por iso é importante ter en conta a importancia das cancións e historia

Os nenos aprenden de distintas formas e a ritmos diferentes sempre fomentando a autonomía do seu aprendizaxe.

Considerar o progreso pero tamén o erro como algo natural no proceso de aprendizaxe.

A avaliación do proceso individual e grupal dos alumnos na aprendizaxe é un factor importante para asegurar a calidade da aprendizaxe.

A aprendizaxe globalizada xera o desenvolvemento da realidade como un todo nos alumnos. Este desenvolvemento reflíctese nos temas de cada unidade, que se relacionan coas demais áreas do Currículo: Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, Educación Artística, Matemáticas, Educación Física, etc. Unha aprendizaxe permanente. Non hai saberes que se adquiran exclusivamente nunha determinada materia e só serven para ela (sobre todo nesta e para esta). Con todo o que o alumno aprende nas diferentes materias (e non só na institución escolar) constrúe unha bagaxe cultural e de información que debe servirlle para o conxunto da súa vida, que debe ser capaz de utilizar en momentos precisos e en situacións distintas.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libros de texto e cadernos de actividades.
Actividades de reforzo e de ampliación
Pizarra dixital
Biblioteca de aula
Materiais realia
Xogos variados
Materiais variados para a produción de traballos e displays.

Utilizaranse espazos e instalacións dispoñibles no centro sempre que sexan útiles para a realización das actividades de aprendizaxe. Salón de actos, patio cuberto, biblioteca do centro, sala de audiovisuais e espazos ó aire libre.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O comenzo do curso farase unha avaliación inicial có obxectivo de coñecer o nivel competencial dos alumnos e alumnas. No terceiro curso, focalizarase a atención na comprensión oral e escrita cando se realice esta avaliación inicial. xa que o traballo realizado durante os cursos previos concéntrase principalmente na exposición oral dos nenos e nenas á lingua inglesa, a través de cancións, xogos e actividades TPR. Recolléranse evidencias utilizando como instrumento unha táboa de valoración específica e farase coa observación directa. Tamén se rexistrarán e valorarán outros aspectos que poden influir na súa aprendizaxe, tales como a escoita atenta, o interese pola lingua inglesa, o traballo en grupo, a participación activa e a autonomía á hora de desenvolver tarefas simples. Esta información terase presente ao longo do curso para ir valorando o avance de cada neno e de cada nena. Neste curso os nenos empezarán a traballar os textos escritos dun modo máis activo.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	20	30	15	10	15	10	100
Proba escrita	70	80	70	70	75	55	72
Táboa de indicadores	30	20	30	30	25	45	28

Criterios de cualificación:

Para a cualificación teráanse en conta os seguintes aspectos:

Os pesos na materia das distintas unidades didácticas quedarían nun 15% para cada unha das unidades 1, 2, 3 e 4 e cun 20% para a unidades 5 e a unidade 6. Sumarían así un total do 100%.

As probas escritas e as valoracións das táboas de indicadores realizaranse ó rematar cada unidade. As táboas de indicadores ou rúbricas completaranse a partir do análise dos traballos realizados e da observación directa.

Criterios de recuperación:

Dada a característica progresiva da materia, moitos criterios de avaliación aparecen ó longo de todo o curso. Nestes casos, o alumnado irá recuperando aqueles aspectos non superados no seu momento coas novas tarefas do curso. De non ser este o caso, proporáanse actividades específicas de reforzo para poder acadar os mínimos esixibles. Os reforzos realizaranse dentro da aula ordinaria.

6. Medidas de atención á diversidade

a) Para o alumnado con altas capacidades intelectuais: facilitaranse contidos e materiais de extensión adecuados ás necesidades destes alumnos para permitirlles alcanzar o seu máximo potencial.

b) Para os alumnos con integración tardía no sistema educativo: adoptaranse as medidas de reforzo necesarias para facilitar a súa integración escolar e a recuperación do seu desfase para que lles permitan continuar con aproveitamento nos seus estudos.

c) Para o alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe: adoptaranse tanto medidas de escolarización como de atención. Para os alumnos con discapacidade, tomaranse medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas. Para os alumnos con dificultades de aprendizaxe graves, priorizaranse os contidos de procedementos e actitudes. Por outra banda, a adaptación curricular (medida extraordinaria) refírese ás modificacións dun ou máis elementos prescritivos do currículo, como son os obxectivos, contidos e criterios de avaliación, para atender ás necesidades educativas dun alumno, motivadas tanto por unha determinada dificultade persoal como polas súas capacidades excepcionais. No presente curso realizarase unha adaptación curricular significativa.

d) Aplicaranse as medidas máis axeitadas para que as condicións de realización dos procesos asociados da avaliación se adapten ás circunstancias do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, dacordo coa Orden de 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

e) Cando o progreso dunha alumna ou alumno non sexan os axeitados estableceránse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquer momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, con especial seguemento da situación do alumnado con necesidades educativas especiais, e estarán dirixidas a garantir a adquisición dos aprendizaxes imprescindibles para continuar ó proceso educativo.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Uso dunha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Os dereitos da infancia	X	X	X	X	X	X
ET.4 - A resolución pacífica de conflitos.	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Prevención de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia.	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Promoverase o desenvolvemento dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, e dos valores inherentes ao principio de igualdade de trato en nondiscriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social. Do mesmo xeito, promoverá a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo de calquera tipo de violencia.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Actividades de biblioteca.	Participar nas actividades que se propoñan desde a biblioteca e que se adecuen os obxectivos da materia	X	X	X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Actividades de actividades complementarias.	Colaborar desde a área de inglés á realización de tarefas para as propostas do equipo de complementarias.	X	X	X

Observacións:

Todo o alumnado do noso centro participa nas actividades a nivel de centro que se propoñen en datas sinaladas. Destacamos a Festa de Benvida, Samaín, Os Maios, Nadal, Entroido, día de Muller. Estas actividades son globalizadas, integradoras e motivadoras e fomentan a igualdade entre ambos sexos, a igualdade de oportunidades, a convivencia, a tolerancia e o respecto.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Grao de desenvolvemento da programación
Adecuación dos elementos do curriculum ás necesidades reais da aula.
Revisión da PD ó longo do curso e comprobación da súa itilidade para acadar os obxectivos.
Metodoloxía empregada
Instrucións e orientacións ó traballo do alumnado.
Medidas de atención á diversidade
Nivel de dificultade axeitado ás características do alumnado.
Atención á diversidade con medidas organizativas axeitadas.
Clima de traballo na aula
Boa organización de tempos e agrupamentos.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Coordinación cos outro mestres do curso.

Descrición:

Utilizaranse estes indicadores de cara a recoller datos suficientes para avaliar o proceso de ensino e practica. Os resultados usaranse para decidir que aspectos hai que conservar e que cambios hai que realizar para optimizar o proceso.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Seguirase o proceso de ensino de maneira periódica utilizando a rúbrica de indicadores. Modifícaranse aquelas actividades, tarefas ou aspectos metodolóxicos que non funcionen correctamente e optimízanse aqueles cos que se logran os obxectivos propostos. Realízanse intercambios orais (entrevistas cos alumnos/as, pais, nais) sempre que se considere necesario. Adecúaranse os obxectivos e os contidos ás necesidades reais, así tamén os medios e a metodoloxía. Planifícanse as tarefas tendo en conta a correcta distribución de tempos e espazos. O clima de traballo debe favorecer a aprobación de acordos e a implicación de todos os membros.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15020982	CEIP Plurilingüe O Ramo	Fene	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua Estranxeira - Inglés	4º Pri.	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	15
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	16
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	16
6. Medidas de atención á diversidade	17
7.1. Concreción dos elementos transversais	17
7.2. Actividades complementarias	18
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	18
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	19
9. Outros apartados	19

1. Introducción

1. Introducción

A ensinanza da materia apoiarase na presente Lei de Educación (LOMLOE), Ley Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Ley Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación. O proceso de ensinanza-aprendizaxe realizarase a través de actividades motivadoras con carácter lúdico que permitan, de maneira inconsciente e natural, a adquisición da lingua estranxeira lingua non só como unha materia máis, senón coma o descubrimento dun mundo externo do que todos formamos parte responsable. Promóvese a interacción na clase para desenvolver unha actitude de alerta cara as normas e os valores sociais, dentro dos principios psicopedagóxicos nos que se fundamenta o deseño curricular para a etapa de Educación Primaria. A área de Lingua Estranxeira contribuirá á adquisición das competencias marcadas pola ley e, directamente participará na consecución da competencia plurilingüe. Por outra banda, incorporaranse o conxunto de elementos transversais no proceso de aprendizaxe. A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual e as TIC, traballaranse intensamente ó longo de todo o proceso, pero tamén terán cabida na aprendizaxe da lingua estranxeira na promoción da igualdade de oportunidades, a non discriminación, a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, a prevención e resolución pacífica de conflitos en tódolos eidos, rexeitamento a calquera tipo de violencia, racismo e xenofobia, o desenvolvemento sostible e o medio ambiente, os riscos de explotación e abuso sexual, as situacións de risco no uso das TIC, a protección ante emerxencias e catástrofes, o desenvolvemento do espírito emprendedor, a actividade física e a dieta equilibrada, a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico. Teráanse en conta cambios tan significativos e evidentes como a globalización, que practicamente esixe o dominio dunha segunda lingua estranxeira, e o impacto das novas tecnoloxías, repercutindo directamente nos alumnos á hora de aprender, de comunicarse ou de executar unha tarefa. Elementos que se converteron nunha prioridade e nun instrumento clave respectivamente no proceso de aprendizaxe, non só na etapa á que fai referencia este documento, senón ó longo de toda a vida. Atenderáse particularmente á diversidade nas habilidades e expectativas de cada alumno e á busca do desenvolvemento do talento de cada un deles. Prepararase e organizarase o traballo, axudando no desenvolvemento do mesmo; coordinaranse accións; impulsando actitudes positivas cara o idioma e a cultura inglesa, captando e desenrolando o interese do alumno cara o novo e a creatividade, participando de maneira dinámica e reflexiva, e tratando os erros coma sinais de progreso. Sendo, como define a LOMCE, o proceso de aprendizaxe o centro e a razón de ser da educación, o alumnado deberá participar nel de forma activa.

Contexto particular do centro

O CEIP PLURILINGÜE "O RAMO" de Barallobre é dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e atópase no Concello de Fene.

Integra alumnado de Educación Infantil (3, 4 e 5 anos) e Educación Primaria. A procedencia do alumnado é diversa: hai alumnos que veñen dun contorno rural e outros/as dun contorno semiurbano ou urbano. A maioría dos nenos son das parroquias de Barallobre e Magalofes, aínda que tamén, atopamos alumnado de Perlío, Maniños e Limodre pola súa proximidade xeográfica.

No estudo do medio físico destas localidades hai que facer notar que existen variantes entre a zona costeira e a zona interior, presentando a primeira (Barallobre) unha maior densidade de poboación con características urbano-rurais, mentres que a segunda (Magalofes) ten menor densidade e unhas características máis rurais con poboación dispersa en rueiros e lugares.

Os importantes cambios acontecidos a nivel laboral e económico da zona onde reside o centro, condicionaron as necesidades familiares e a demanda de novos servizos educativos e de ocio que permitan conciliar a vida familiar e laboral. Por este motivo, dentro das posibilidades do centro, tratamos de dar acollida a esas demandas. Neste senso orientáronse as iniciativas xurdidas de diferentes instancias da comunidade educativa, presentadas aos correspondentes organismos e institucións e que tiveron diferente tratamento segundo o grao de comprensión amosado para as mesmas. Neste senso citaremos: Aula-Parque de Educación Viaria, servizo de madrugadores, servizo de ludoteca, convenio de actividades extraescolares, comedor escolar, mellora do transporte, etc.

Características do alumnado de cuarto curso

O alumnado do cuarto curso de Educación Primaria do CEIP Plurilingüe O Ramo está formado por 18 nenos e nenas. Presenta en xeral un nivel académico medio no conxunto das distintas materias. A nivel de conduta, atopámonos un grupo de nenos e nenas respetuosos e en canto á súa motivación, amosan interese na adquisición de novas aprendizaxes. Non se aprecian características no alumnado que poidan afectar ó correcto desenvolvemento das sesións. O horario de clases será os martes ás 9:30, mércores ás 10:20 e xoves ás 13:00.

Estratexias a empregar na aula.

As sesións están encamiñadas ó desenvolvemento da competencia comunicativa a través da práctica das habilidades lingüísticas. Promóvese un uso real da lingua no que a escoita, a fala, a lectura e a escritura son empregadas dunha forma integrada.

Con este obxectivo, na aula teñen lugar diversas situacións comunicativas que os alumnos deben resolver empregando o idioma inglés, interactuando co profesor e entre eles mesmos. O libro de texto co que traballamos All about Us Now 4 dispón de recursos que serven como guía na temporalización dos contidos e na proposta de tarefas encamiñadas a poñer en práctica outras competencias como a competencia social e cidadá, a competencia de aprender a aprender ou a competencia dixital.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender o sentido xeral e información específica e predicible de textos breves e sinxelos, expresados de forma clara e na lingua estándar, facendo uso de diversas estratexias e recorrendo, cando sexa necesario, ao uso de distintos tipos de apoio, para desenvolver o repertorio lingüístico e para responder a necesidades comunicativas cotiás.	2-3	1-2	1	1	5			2
OBX2 - Producir textos sinxelos de maneira comprensible e estruturada, mediante o emprego de estratexias como a planificación ou a compensación, para expresar mensaxes breves relacionados con necesidades inmediatas e responder a propósitos comunicativos cotiás.	1	1-2	1	2	5		1	4
OBX3 - Interactuar con outras persoas usando expresións cotiás, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a necesidades inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas normas de cortesía.	5	1-2	1		3	3	1-3	
OBX4 - Mediar en situacións predicibles, usando estratexias e coñecementos para procesar e transmitir información básica e sinxela, co fin de facilitar a comunicación.	5	1-2-3	1		1-3			1
OBX5 - Recoñecer e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento e identificando as estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas en situacións coñecidas.		2	1	2	1-4-5		3	
OBX6 - Apreciar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e valorando as diferenzas e semellanzas entre linguas e culturas, para aprender a xestionar situacións interculturais.	5	3			1-3	2-3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	All about my body.	Nesta unidade trátanse aspectos relacionados coa imaxe persoal. Traballaranse as descricións, especialmente a descrición do físico, e profundizaremos no coñecemento do corpo humano. Introducirase a temática da saúde, incluíndo léxico e expresións gramaticais para expresar as nosas dolencias e malestares. Reflexionarase sobre o cuidado persoal. Aproveitarase o tema de Halloween para practicar os contidos aprendidos.	15	20	X		
2	My perfect day.	Ao longo destas sesións traballaremos coas rutinas diarias. Estará moi presente o léxico e as estruturas gramaticais útiles para describir as actividades que se realizan ó longo do día. Farase un proxecto sobre este tema e incluíranse as horas nas que os nenos e nenas realizan as súas tarefas. Tamén se tratará o tema do Nadal e como se vive nos distintos países de fala inglesa.	15	21	X		
3	We are going shopping today.	O alumnado achegarase a situacións da vida cotiá, como a de ir de compras. Introducirase vocabulario novo relacionado con esta temática e presentarase a gramática dos demonstrative pronouns. A través de actividades de role-play poñeremos en práctica os novos contidos aprendidos. Tamén se reflexionará sobre o consumo responsable.	15	15		X	
4	Helping around .	Focalizaremos esta unidade na necesidade de axudarnos os uns ós outros nas tarefas diarias, e desenvolver deste modo un espírito comunitario. Introducirase léxico relacionado coas tarefas e focalizarase a gramática no uso dos presentes simples e contínuos. Descubriremos a través de material audiovisual como é o día a día nunha granxa do Reino Unido. Tamén compararemos a nosa celebración de Semana Santa có Easter americano.	20	15		X	
5	What is for lunch today?	Empezarase a unidade falando de hábitos alimenticios saudables. Activaranse os coñecementos previos do léxico das comidas e introduciranse elementos novos. Presentarase a gramática Is/are there	15	17			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	What is for lunch today?	any...? dun xeito interactivo. Aproveitaremos estas sesións para elaboras receitas sinxelas onde se poñerán en práctica os usos de quantifiers, diferenciando contables e incontables.	15	17			X
6	I am going camping.	Achegaremos ós alumnos distintas situacións onde se observan os beneficios de practicar actividades ó aire libre. Traballaremos léxico relacionado coa temática e poñeremos en práctica o uso do presente contínuo e do simple en actividades de role-play. Introduciranse advervios para describir dun xeito máis preciso como son esas actividades. Reflexionaremos sobre a necesidade de practicar deportes e a importancia de traballar en equipo.	20	17			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	All about my body.	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén de palabras e frases previamente presentadas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, sobre temas frecuentes, cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, adecuados ao nivel de desenvolvemento e expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Recoñece e interpreta o sentido global, as palabras e frases previamente indicadas en textos breves e sinxelos sobre temas frecuentes, cotiáns e próximos á súa experiencia.	PE	50
CA1.4 - Escribir palabras, frases e textos moi breves e sinxelos sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, con adecuación á situación comunicativa proposta, a partir de modelos e a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico elementais.	Escribir algunhas palabras e frases moi breves e sinxelas a partir de modelos e a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico moi elementais, sobre asuntos cotiáns e de relevancia persoal para o alumnado.		
CA1.3 - Expresar oralmente frases curtas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, seguindo modelos e utilizando recursos verbais e non verbais de forma guiada, prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresa oralmente frases curtas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado utilizando de forma guiada algúns recursos.	TI	50

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en situacións cotiás, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes breves; e formular e contestar preguntas sinxelas.	Selecciona e utiliza, de forma guiada e en situacións cotiás, algunhas estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes breves; e formular e contestar preguntas sinxelas.		
CA1.8 - Interpretar e explicar información básica de forma guiada, axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas interlocutoras e os interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Interpreta e explica parte dos textos, conceptos e comunicacións moi breves e sinxelas, de forma guiada, en situacións nas que atender a diversidade, mostrando empatía e interese polos interlocutores e interlocutoras, apoiándose en diversos recursos e soportes.		
CA2.2 - Utilizar e diferenciar, de forma guiada, os coñecementos e estratexias de mellora da súa propia capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Utiliza e diferencia, de forma guiada, os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con moito apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.		
CA3.1 - Actuar con respecto en situacións interculturais, identificando e comparando semellanzas e diferenzas elementais entre linguas e culturas, e mostrando rexeitamento fronte a discriminacións, prexuizos e estereotipos de calquera tipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais.	Actúa con respecto en situacións interculturais, identificando e comparando algunhas das semellanzas e diferenzas moi elementais entre linguas e culturas, e mostrando rexeitamento fronte a discriminacións, prexuizos e estereotipos de calquera tipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Técnicas de aprendizaxe. - Estratexias básicas de uso común para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. - Patróns sonoros, acentuais e de entoación básicos de uso común e funcións comunicativas xerais asociadas a eles. - Recursos para a aprendizaxe e estratexias elementais de procura guiada de información en medios analóxicos e dixitais. - Destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas. - Estratexias e técnicas de compensación das carencias comunicativas para responder a unha necesidade elemental a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio. - Estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.

UD	Título da UD	Duración
2	My perfect day.	21

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Escribir palabras, frases e textos moi breves e sinxelos sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, con adecuación á situación comunicativa proposta, a partir de modelos e a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico elementais.	Escribir algunhas palabras e frases moi breves e sinxelas a partir de modelos e a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico moi elementais, sobre asuntos cotiáns e de relevancia persoal para o alumnado.	PE	50
CA1.5 - Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias para producir mensaxes breves, útiles e sinxelas, adecuadas ás intencións comunicativas, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Selecciona, de xeito guiado, estratexias para producir mensaxes breves e sinxelas axeitadas para as intencións comunicativas.		
CA1.2 - Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias axeitadas en situacións comunicativas cotiáns e de relevancia para o alumnado, para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos breves e sinxelos sobre temas familiares.	Selecciona e aplica de xeito guiado algunha das estratexias adecuadas en situacións comunicativas para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos breves e sinxelos sobre temas familiares.	TI	50
CA1.6 - Participar en situacións interactivas e sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, preparadas previamente, apoiándose en recursos tales coma a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística.	Participa, aínda que tímidamente, en situacións interactivas breves e sinxelas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, preparadas previamente.		
CA1.9 - Seleccionar e aplicar de xeito guiado estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación fluída, usando, pero con axuda, recursos e apoios físicos e dixitais en función das necesidades de cada momento.	Seleccionar e aplicar, de xeito guiado, algunhas estratexias elementais que faciliten a comprensión e a produción de información e comunicación moi básica.		
CA2.1 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando, de forma guiada, sobre aspectos básicos do seu funcionamento.	Compara e contrasta algunha das semellanzas e diferenzas evidentes entre distintas linguas reflexionando, de xeito guiado, sobre aspectos básicos do seu funcionamento.		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos elementais e habituais que fomenten a convivencia pacífica e o respecto polos demais.	Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira amosando interese.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora. - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e

Contidos

- presentarse; describir de xeito pautado persoas, obxectos e lugares; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; describir rutinas de xeito guiado; dar indicacións e instrucións básicas e cotiás; expresar o tempo, a cantidade e o espazo.
- Léxico elemental relativo a relacións persoais próximas, vivenda, lugares e contornos de interese.
- Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos).
- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa.
- Estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información, e a comunicación fluída.
- Estratexias básicas de uso común para identificar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira: culturas e modos de vida diferentes.

UD	Título da UD	Duración
3	We are going shopping today.	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén de palabras e frases previamente presentadas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, sobre temas frecuentes, cotiás, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, adecuados ao nivel de desenvolvemento e expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Recoñece e interpreta o sentido global, as palabras e frases previamente indicadas en textos breves e sinxelos sobre temas frecuentes, cotiás e próximos á súa experiencia.	PE	50
CA1.4 - Escribir palabras, frases e textos moi breves e sinxelos sobre asuntos cotiás e de relevancia para o alumnado, con adecuación á situación comunicativa proposta, a partir de modelos e a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico elementais.	Escribir algunhas palabras e frases moi breves e sinxelas a partir de modelos e a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico moi elementais, sobre asuntos cotiás e de relevancia persoal para o alumnado.		
CA1.3 - Expresar oralmente frases curtas con información básica sobre asuntos cotiás e de relevancia para o alumnado, seguindo modelos e utilizando recursos verbais e non verbais de forma guiada, prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresa oralmente frases curtas con información básica sobre asuntos cotiás e de relevancia para o alumnado utilizando de forma guiada algúns recursos.	TI	50

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Interpretar e explicar información básica de forma guiada, axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas interlocutoras e os interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Interpreta e explica parte dos textos, conceptos e comunicacións moi breves e sinxelas, de forma guiada, en situacións nas que atender a diversidade, mostrando empatía e interese polos interlocutores e interlocutoras, apoiándose en diversos recursos e soportes.		
CA2.3 - Rexistrar e aplicar, de xeito guiado, os progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira, participando en actividades de autoavaliación e coavaliación, como as propostas no portfolio europeo das linguas (PEL).	Rexistra e aplica, con axuda, os progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira, recoñecendo algún dos aspectos que axudan a mellorar e participando en actividades de autoavaliación e coavaliación.		
CA3.3 - Seleccionar e aplicar de xeito guiado estratexias básicas para entender e apreciar os aspectos máis relevantes da diversidade lingüística, cultural e artística.	Seleccionar e aplicar de xeito guiado algunhas estratexias moi básicas para entender e apreciar algúns aspectos dos máis relevantes da diversidade lingüística, cultural e artística.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Técnicas de aprendizaxe. - Estratexias básicas de uso común para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. - Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número; espazo e as relacións espaciais; afirmación, exclamación, negación, interrogación. - Patróns sonoros, acentuais e de entoación básicos de uso común e funcións comunicativas xerais asociadas a eles. - Convencións e estratexias de conversación básicas de uso común, presenciais e simultáneas, ou a través doutros medios para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e pedir e dar indicacións. - Léxico e expresións, básicos e frecuentes relacionados coa metalinguaxe para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua e a aprendizaxe. - Estratexias e técnicas de compensación das carencias comunicativas para responder a unha necesidade elemental a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio. - Estratexias e ferramentas básicas de uso común de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas. - Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira.

UD	Título da UD	Duración
4	Helping around .	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias para producir mensaxes breves, útiles e sinxelas, adecuadas ás intencións comunicativas, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Selecciona, de xeito guiado, estratexias para producir mensaxes breves e sinxelas axeitadas para as intencións comunicativas.	PE	40
CA1.2 - Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias axeitadas en situacións comunicativas cotiás e de relevancia para o alumnado, para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos breves e sinxelos sobre temas familiares.	Selecciona e aplica de xeito guiado algunha das estratexias adecuadas en situacións comunicativas para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos breves e sinxelos sobre temas familiares.	TI	60
CA1.7 - Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en situacións cotiás, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes breves; e formular e contestar preguntas sinxelas.	Selecciona e utiliza, de forma guiada e en situacións cotiás, algunhas estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes breves; e formular e contestar preguntas sinxelas.		
CA1.9 - Seleccionar e aplicar de xeito guiado estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información e a comunicación fluída, usando, pero con axuda, recursos e apoios físicos e dixitais en función das necesidades de cada momento.	Seleccionar e aplicar, de xeito guiado, algunhas estratexias elementais que faciliten a comprensión e a produción de información e comunicación moi básica.		
CA2.1 - Comparar e contrastar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando, de forma guiada, sobre aspectos básicos do seu funcionamento.	Compara e contrasta algunha das semellanzas e diferenzas evidentes entre distintas linguas reflexionando, de xeito guiado, sobre aspectos básicos do seu funcionamento.		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos elementais e habituais que fomenten a convivencia pacífica e o respecto polos demais.	Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira amosando interese.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora. - Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios de tipoloxía variada, tales como folletos, instrucións, normas, avisos o conversacións reguladoras da convivencia (agradecer, desculparse, pedir permiso). - Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos). - Léxico e expresións, básicos e frecuentes relacionados coa metalinguaxe para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua e a aprendizaxe. - Recursos e apoios físicos e dixitais que permitan exercer a mediación lingüística dun xeito básico.

Contidos

- Estratexias básicas de uso común para identificar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Patróns culturais elementais transmitidos a través dos usos da lingua estranxeira.

UD	Título da UD	Duración
5	What is for lunch today?	17

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén de palabras e frases previamente presentadas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, sobre temas frecuentes, cotiáns, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, adecuados ao nivel de desenvolvemento e expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Recoñece e interpreta o sentido global, as palabras e frases previamente indicadas en textos breves e sinxelos sobre temas frecuentes, cotiáns e próximos á súa experiencia.	PE	50
CA1.4 - Escribir palabras, frases e textos moi breves e sinxelos sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, con adecuación á situación comunicativa proposta, a partir de modelos e a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico elementais.	Escribir algunhas palabras e frases moi breves e sinxelas a partir de modelos e a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico moi elementais, sobre asuntos cotiáns e de relevancia persoal para o alumnado.		
CA1.3 - Expresar oralmente frases curtas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, seguindo modelos e utilizando recursos verbais e non verbais de forma guiada, prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresa oralmente frases curtas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado utilizando de forma guiada algúns recursos.	TI	50
CA1.6 - Participar en situacións interactivas e sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, preparadas previamente, apoiándose en recursos tales coma a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística.	Participa, aínda que tímidamente, en situacións interactivas breves e sinxelas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, preparadas previamente.		
CA1.8 - Interpretar e explicar información básica de forma guiada, axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas interlocutoras e os interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Interpreta e explica parte dos textos, conceptos e comunicacións moi breves e sinxelas, de forma guiada, en situacións nas que atender a diversidade, mostrando empatía e interese polos interlocutores e interlocutoras, apoiándose en diversos recursos e soportes.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Rexistrar e aplicar, de xeito guiado, os progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira, participando en actividades de autoavaliación e coavaliación, como as propostas no portfolio europeo das linguas (PEL).	Rexistra e aplica, con axuda, os progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira, recoñecendo algún dos aspectos que axudan a mellorar e participando en actividades de autoavaliación e coavaliación.		
CA3.3 - Seleccionar e aplicar de xeito guiado estratexias básicas para entender e apreciar os aspectos máis relevantes da diversidade lingüística, cultural e artística.	Seleccionar e aplicar, de xeito guiado, algunhas estratexias moi básicas para entender e apreciar algúns aspectos dos máis relevantes da diversidade lingüística, cultural e artística.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Técnicas de aprendizaxe. - Estratexias básicas de uso común para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir de xeito pautado persoas, obxectos e lugares; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; describir rutinas de xeito guiado; dar indicacións e instrucións básicas e cotiás; expresar o tempo, a cantidade e o espazo. - Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número; espazo e as relacións espaciais; afirmación, exclamación, negación, interrogación. - Padróns sonoros, acentuais e de entoación básicos de uso común e funcións comunicativas xerais asociadas a eles. - Recursos para a aprendizaxe e estratexias elementais de procura guiada de información en medios analóxicos e dixitais. - Destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas. - Estratexias e ferramentas básicas de uso común de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e colectivas. - Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira: culturas e modos de vida diferentes. - Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
6	I am going camping.	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias para producir mensaxes breves, útiles e sinxelas, adecuadas ás intencións comunicativas, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Selecciona, de xeito guiado, estratexias para producir mensaxes breves e sinxelas axeitadas para as intencións comunicativas.	PE	40
CA1.2 - Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias axeitadas en situacións comunicativas cotiás e de relevancia para o alumnado, para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos breves e sinxelos sobre temas familiares.	Selecciona e aplica de xeito guiado algunha das estratexias adecuadas en situacións comunicativas para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos breves e sinxelos sobre temas familiares.	TI	60
CA1.6 - Participar en situacións interactivas e sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiás, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, preparadas previamente, apoiándose en recursos tales coma a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística.	Participa, aínda que tímidamente, en situacións interactivas breves e sinxelas sobre temas cotiás, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, preparadas previamente.		
CA1.7 - Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en situacións cotiás, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes breves; e formular e contestar preguntas sinxelas.	Selecciona e utiliza, de forma guiada, e en situacións cotiás, algunhas estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes breves; e formular e contestar preguntas sinxelas.		
CA2.2 - Utilizar e diferenciar, de forma guiada, os coñecementos e estratexias de mellora da súa propia capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Utiliza e diferencia, de forma guiada, os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con moito apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.		
CA3.1 - Actuar con respecto en situacións interculturais, identificando e comparando semellanzas e diferenzas elementais entre linguas e culturas, e mostrando rexeitamento fronte a discriminacións, prexuízos e estereotipos de calquera tipo en contextos comunicativos cotiás e habituais.	Actúa con respecto en situacións interculturais, identificando e comparando algunhas das semellanzas e diferenzas moi elementais entre linguas e culturas, e mostrando rexeitamento fronte a discriminacións, prexuízos e estereotipos de calquera tipo en contextos comunicativos cotiás e habituais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora. - Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios de tipoloxía variada, tales como folletos, instrucións, normas, avisos o conversacións reguladoras da convivencia (agradecer, desculparse, pedir permiso). - Léxico elemental relativo a relacións persoais próximas, vivenda, lugares e contornos de interese.

Contidos

- Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos).
- Convencións e estratexias de conversación básicas de uso común, presenciais e simultáneas, ou a través doutros medios para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e pedir e dar indicacións.
- Estratexias elementais que axuden a crear pontes e faciliten a comprensión e produción de información, e a comunicación fluída.
- Estratexias básicas de uso común para identificar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Participación en intercambios comunicativos planificados, con estudantes da lingua estranxeira, a través de diferentes medios.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A adquisición da competencia lingüística en lingua estranxeira basease en traballar coa catro habilidades fundamentais, comprensión oral e escrita e produción oral e escrita.

A atención individualizada dos nenos e a súa diversidade será un aspecto fundamental no día a día, así como a posta en marcha mecanismos de prevención das dificultades de aprendizaxe e de reforzo. A aprendizaxe a nivel de competencias persegue o desenvolvemento do potencial de cada alumno, das súas capacidades, preparar o alumnado para que poida afrontar os retos persoais ó longo da súa vida con éxito.

A metodoloxía será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa.

O punto de partida da aprendizaxe dos alumnos son os seus primeiros coñecementos previos; centrándonos naquilo que resulta familiar e próximo ó alumnado pero cunha vertente de fantasía para lograr o equilibrio entre a seguridade/benestar co interese/imaxinación.

As situacións comunicativas que inclúen o humor e o xogo captan a motivación do alumnado e facilitan a aprendizaxe; por iso é importante ter en conta a importancia das cancións e historia

Os nenos aprenden de distintas formas e a ritmos diferentes sempre fomentando a autonomía do seu aprendizaxe. Considerar o progreso pero tamén o erro como algo natural no proceso de aprendizaxe.

Un factor importante para asegurar a calidade da aprendizaxe será a avaliación do proceso individual e grupal dos alumnos na aprendizaxe .

A aprendizaxe globalizada xera o desenvolvemento da realidade como un todo nos alumnos. Este desenvolvemento reflíctese nos temas de cada unidade, que se relacionan coas demais áreas do Currículo: Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, Educación Artística, Matemáticas, Educación Física, etc. Unha aprendizaxe permanente. Non hai saberes que se adquiran exclusivamente nunha determinada materia e só serven para ela (sobre todo nesta e para esta). Con todo o que o alumno aprende nas diferentes materias (e non só na institución escolar) constrúe unha bagaxe cultural e de información que debe servirille para o conxunto da súa vida, que debe ser capaz de utilizar en momentos precisos e en situacións distintas.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libros de lectura
Xogos de mesa
Posters e murais
Rimas e cancións

Actividades DUA
Páxinas web de xogos online
Encerado dixital.
Realia e recursos que nos ofrece a contorna escolar.

O material empregado neste curso é moi variado. Intenta ser atractivo e chamar a atención do alumnado. Están adaptados as aptitudes e características dos nenos e nenas. Pretenden potenciar e favorecer a actividade cognitiva, afectiva e social e poden utilizarse de forma autónoma e independente.

